
**INFORME DE VALORACIÓN CORRESPONDENTE O
SOBRE “B” Criterios subxectivos que dependen dun
xuízo de valor para o PROCEDIMIENTO ABERTO PARA
A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COPIA DE
SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA**

Número de expediente 2023037975



Índice

1		
1	INTRODUCCIÓN	3
2	NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIÓNS	5
3	DETALLE PORMENORIZADO	6
3.1	Arquitectura da solución proposta (máximo 20 puntos)	6
3.1.1	Idoneidade das particularidades e características xerais da solución proposta (máximo 9 puntos).....	6
3.1.2	Relación obxectiva que existe entre as operacións funcionais que se poderán levar a cabo unilateralmente polos técnicos da Deputación de Pontevedra no referente á xestión mixta do sistema e a sinxeleza de manexo e operación que provea a ferramenta ofertada polo licitador para levar a cabo estas operacións (máximo 7 puntos)	8
3.1.3	A claridade e o detalle dos contidos dos modelos de informe de servizo propostos polo licitador conforme ao requirido no PPT (máximo 4 puntos)	9
3.2	Modelo de xestión do servizo (ata 12 puntos).....	11
3.3	Plan de implantación e posta en marcha do servizo (ata 8 puntos)	14
4	EXCLUSIÓNS	17
5	RESUMEN DE PUNTUACIÓNS	18
6	CONCLUSIÓNS	19



1 INTRODUCCIÓN

O presente informe, elaborado polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, levase a cabo tras a recepción das ofertas presentadas o **PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**, con Número de Expediente: **2023037975**.

O obxecto deste informe é valorar os criterios non avaliábeis mediante fórmulas das propostas que os licitadores presentaron co fin de optar o contrato.

O contrato comprende a formalización das condicións económicas e de servizo acordo aos requirimentos recollidos no Prego de Prescricións Técnicas, en diante PPT, que rexerán a prestación dos servizos relacionados coa copia de seguridade dos datos corporativos da Deputación de Pontevedra xestionados por un provedor nunha nube privada.

O prego de prescricións administrativas expón unha serie de criterios avaliábeis baseados en xuízos de valor, que se detallan no apartado número 9.1 **ENUMERACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR**. Nas seguintes seccións valoráranse as solucións técnicas achegadas polos distintos licitadores incluíndo unha descrición dos criterios utilizados para cada un dos puntos a valorar.

As empresas licitadoras que se presentaron o procedemento aberto obxecto do presente informe técnico foron as seguintes:

- **ALTIA CONSULTORES, S.A** – En diante **ALTIA**.
- **ASPACLOUD, S.L** – En diante **ASPA**.
- **EDNON, S.L** – En diante **EDNON**.



- **INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L** – En
diante **IPM**.
- **OMEGA PERIPHERALS** – En diante **OMEGA**.

Estes licitadores cumpriron cos requirimentos establecidos no prego
administrativo para optar á avaliación técnica das súas ofertas.



2 NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIONES

Nas seguintes seccións valoraranse as solucións técnicas achegadas polos licitadores. Cada unha das seccións inclúe unha descrición dos criterios utilizados para cada un dos puntos a valorar segundo o reflectido no PCA no apartado dedicado a avaliación dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

Realizouse a división de corenta (40) puntos obxecto do cálculo da oferta técnica entre os distintos criterios, tomando como referencia a repartición de puntuacións indicada no PCA.



3 DETALLE PORMENORIZADO

A continuación, preséntanse de modo detallado as valoracións das ofertas presentadas polas empresas licitadoras realizadas atendendo a cada un dos criterios baseados en xuízos de valor especificados no PCA.

3.1 Arquitectura da solución proposta (máximo 20 puntos)

O resumo total de puntos obtidos polos licitadores para este punto tendo en conta os seus subapartados é o reflexado na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Idoneidade das particularidades e características xerais da solución proposta	9,00	8,00	2,00	8,00	9,00	9,00
Relación obxectiva que existe entre as operacións funcionais que se poderán levar a cabo unilateralmente polos técnicos da Deputación de Pontevedra no referente á xestión mixta do sistema e a sinxeleza de manexo e operación que provea a ferramenta ofertada polo licitador para levar a cabo estas operacións.	7,00	7,00	2,00	7,00	4,00	4,00
A claridade e o detalle dos contidos dos modelos de informe de servizo propostos polo licitador conforme ao requirido no PPT.	4,00	2,00	1,00	4,00	1,00	1,00
TOTAL	20,00	17,00	5,00	19,00	14,00	14,00

3.1.1 Idoneidade das particularidades e características xerais da solución proposta (máximo 9 puntos)

Os licitadores EDNON, ALTIA e ASPA propoñen nas súas ofertas a utilización da ferramenta de copia de seguridade Veeam Backup & Replication.

Pola súa parte os licitadores OMEGA e IPM propoñen nas súas ofertas a



utilización das solucións de Commvault e PowerProtect Data Manager respectivamente.

Todas as solucións propostas polos distintos licitadores teñen un enfoque similar en canto a súa arquitectura sendo todas elas idóneas cara o servizo requirido. As solucións propostas co software Veeam Backup & Replication e Comvault son as máis populares no mercado á hora de afrontar servizos de copia de seguridade con requirimentos como os que se piden para o contrato. A solución proposta polo licitador IPM, baseada no software PowerProtect Data Manager do fabricante DELL EMC, ten a particularidade de ser unha solución pensada para traballar de forma estreita integrada co hardware deste fabricante (sendo este o mesmo que actualmente ten dispoñible a Deputación nos seus CPDs para as cabinas de almacenamento), sendo capaz de aproveitar as capacidades máis específicas dos produtos desta marca.

Se valoran en maior medida as propostas ofertadas polos licitadores ALTIA, EDNON, IPM e OMEGA por ser ofertas que, tendo en contra o tipo de solución requirida no PPT, resultan idóneas tanto no referido á arquitectura proposta como ao referido ao propósito xeral do software que se propón para dar resposta aos requirimentos do contrato. Valoramos en menor medida a oferta presentada polo licitador ASPA por ser a oferta que menos concreta a arquitectura que realmente se propón para o servizo. Esta oferta non concreta en ningún momento cal é a arquitectura proposta como solución e se limita unicamente a enumerar o que permite facer a ferramenta de software proposta, en este caso Veeam Backup & Replication, sen concretar a arquitectura xeral nin as particularidades da solución ofertadas pola súa parte.

Valoramos en maior medida as propostas achegadas polos licitadores OMEGA e IPM por ser as ofertas que mellor detallan e concretan tanto a arquitectura como o funcionamento pormenorizado do proceso de copia de seguridade sendo



estes idóneos e axeitados ao servizo que se require.

O resumo de puntos obtidos polos licitadores para este apartado é o reflexado na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Idoneidade das particularidades e características xerais da solución proposta	9,00	8,00	2,00	8,00	9,00	9,00

3.1.2 **Relación obxectiva que existe entre as operacións funcionais que se poderán levar a cabo unilateralmente polos técnicos da Deputación de Pontevedra no referente á xestión mixta do sistema e a sinxeleza de manexo e operación que provea a ferramenta ofertada polo licitador para levar a cabo estas operacións (máximo 7 puntos)**

Os licitadores ALTIA e EDNON basean as súas ofertas na mesma ferramenta de copia de seguridade, Veeam Backup & Replication. Esta ferramenta permite unha xestión mixta axeitada e acorde aos requirimentos especificados no PPT do contrato que ademais permite que os técnicos da Deputación de Pontevedra podan levar a cabo determinadas operación de recuperación de datos de forma directa, sen a necesidade de recorrer ao adxudicatario. No caso do licitador ASPA, baseando a súa solución no mesmo software que os licitadores ALTIA e EDNON, non se indica esta posibilidade de operación avanzada na súa oferta.

Os licitadores OMEGA e IPM propoñen na súa oferta a presentación dunha interface gráfica de administración que permite a modo de vistas a monitorización, a xeración de informes e a apertura de peticións para a recuperación de copias de seguridade que poderán ser unicamente levadas a cabo por parte do adxudicatario. Este sistema non permite aos técnicos da



Deputación de Pontevedra levar a cabo ningún tipo de operación sobre os backups máis alá da monitorización dos traballos de copia.

Se valoran en maior medida as ofertas achegadas polos licitadores EDNON e ALTIA por ser as ofertas que permiten levar a cabo, a nivel de operación, un maior número de funcionalidades de recuperación de backups no relacionado coa xestión conxunta do servizo. Se valoran en menor medida as ofertas achegadas polos licitadores IPM, OMEGA e ASPA por ser ofertas que non permiten levar a cabo ningún tipo de operación de recuperación de datos por parte dos técnicos da Deputación de Pontevedra en relación coa xestión conxunta do servizo. Se valora en menor medida a oferta achegada polo licitador ASPA por non concretar de ningunha forma como se levará a cabo a xestión conxunta do servizo.

O resumo de puntos obtidos polos licitadores para este apartado é o reflexado na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Relación obxectiva que existe entre as operacións funcionais que se poderán levar a cabo unilateralmente polos técnicos da Deputación de Pontevedra no referente á xestión mixta do sistema e a sinxeleza de manexo e operación que provea a ferramenta ofertada polo licitador para levar a cabo estas operacións	7,00	7,00	2,00	7,00	4,00	4,00

3.1.3 A claridade e o detalle dos contidos dos modelos de informe de servizo propostos polo licitador conforme ao requirido no PPT (máximo 4 puntos)

O licitador ALTIA indica na súa oferta a existencia dun informe mensual onde se indican os volumes de datos a facturar con carácter mensual, no que indica que



será detallada a composición da mesma de maneira granular (a nivel de jobs e a nivel de máquina) aportando tamén o valor para o período anterior para que resulte sinxelo detectar variacións de interese. O licitador indica que a información facilitada será obtida do propio software de backup (Veeam Backup). O licitador non aporta exemplos deste informe de reporte.

O licitados ASPA non fai referencia na súa oferta aos contidos nin a ningún outro tipo de enfoque relacionado cos informes mensuais a facilitar para a facturación da capacidade disposta na copia mensual.

O licitador EDNON indica na súa oferta como será o informe de facturación mensual, detallando que se indicará para cada elemento o seu homólogo correspondente ao período anterior en relación a cantidade de GB de almacenamento bruto en orixe. Este licitador propón para maior claridade incorporar a ferramenta Veeam One que permite mostrar os datos detallados do espazo asignado e do espazo usado en orixe por cada MV da que se fai backup. Este licitador acompaña este detalle dunha captura con un exemplo de informe.

O licitador IPM indica na súa oferta que a volumetría do período a facturar incluírase dentro do reporting de seguimento mensual do servizo, o licitador non achega detalle de como se obterán os datos nin de como se facilitarán en dito informe.

O licitador OMEGA non detalla nada en referencia ao reporte da información do informe de capacidade mensual a facturar.

Valoramos en menor medida a oferta achegada polo licitador ASPA por non detallar na súa oferta como se levará a cabo o informe de facturación tal como se pide para a valoración do apartado.

Valoramos en maior medida a oferta presentada por EDNON por ser a que mellor detalla e de forma idónea como se levará a cabo o informe de facturación



mensual.

Valoramos como suficientes as ofertas achegadas polos licitadores ALTIA, IPM e OMEGA aínda que non chegan a concretar de forma clara como será o tipo de informe de facturación mensual.

O resumo de puntos obtidos polos licitadores para este apartado é o reflexado na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
A claridade e o detalle dos contidos dos modelos de informe de servizo propostos polo licitador conforme ao requirido no PPT. Valorarase especialmente o informe que deberá facilitar o adxudicatario con periodicidade mensual, en concreto, valorarase para este informe a claridade á hora de indicar a cantidade total de almacenamento que será facturado para o mes e a facilidade de verificación por parte dos técnicos da Deputación de Pontevedra deste dato facilitado na ferramenta de xestión de backup mixta facilitada	4,00	2,00	1,00	4,00	1,00	1,00

3.2 Modelo de xestión do servizo (ata 12 puntos)

O licitador ALTIA propón un modelo de xestión para o servizo baseado no estándar de metodoloxía ITIL, en concreto na súa revisión 3 (ITILv3). Este licitador concreta a estrutura organizativa para o proxecto de xestión en tres niveis (nivel de dirección, nivel de coordinación e nivel de execución) concretando as distintas función encadradas dentro de cada un destes niveis. O licitador concreta os coñecementos que disporán cada un dos perfiles que serán dedicados ao servizo así como a porcentaxe de dedicación ao mesmo. Tamén concreta o modelo de xestión de incidencias, os mecanismos e as canles de contacto para a súa xestión, os servizos de administración e monitorización ofrecidos para a solución ofertada e os acordos de nivel de servizo ofertados.



O licitador ASPA detalla na súa oferta a composición do servizo organizado en dous comités (un comité de coordinación e un comité técnico) para os que se concretan os perfís propostos para o servizo e as funcións asociadas a cada un deles.

O licitador EDNON na súa oferta propón un modelo de xestión para o servizo baseado nos principais estándares de xestión de proxectos e servizos como son ITIL, PMT, PRINCE2 e normativa ISO. O licitador na súa oferta detalla o modelo de xestión das incidencias e peticións de servizo, as formas de contacto, horarios de atención e a operativa do centro de soporte (registro e clasificación de solicitudes, planificación e asignación de recursos e seguimento, peticións de restauracións, peticións de servizo e matriz de escalado).

O licitador IPM detalla na súa oferta a estrutura proposta para o seguimento do servizo organizado en tres comités (comité estratéxico de dirección, comité executivo responsable do cumprimento do servizo e o comité operativo co equipo de traballo). O licitador concreta a metodoloxía proposta para a xestión do servizo baseada no estándar ITIL para a que concreta os distintos procedementos operativos propostos para o servizo (xestión de eventos, xestión de incidencias, xestión de problemas, xestión de peticións, xestión de cambios, xestión de calidade, seguimento de Acordos de Nivel de Servizo (ANS), análise de datos e procesos de auditoría, mellora continua e control de non conformidades. Este licitador tamén detalla os contidos para un plan de reporting de información continua para o servizo e o sistema para a medición dos ANS e as métricas do servizo ligados a xestión das incidencias.

O licitador OMEGA propón na súa oferta un modelo de xestión para o servizo baseado no estándar de mitoloxía ITIL Este licitador aporta un esquema no que detalla a estrutura que terá o servizo proposto e o workflow correspondente ao modelo operativo do mesmo. O licitador propón unha estrutura para o servizo



organizada en tres comités (comité estratéxico de dirección, comité executivo responsable do cumprimento do servizo e o comité operativo co equipo de traballo). O licitador detalla o modelo de relación proposto para o servizo concretando os distintos perfís propostos e as súas funcións asociadas, á documentación a producir durante o período de servizo como son os distintos informes de incidencias, as canles de contacto para a operativa de traballo, o modelo de xestión de incidentes e o plan de transferencia para o servizo.

Se valoran en maior medida as ofertas que detallan os procedementos operativos concretos máis idóneos propostos e relacionados con cada un dos subcriterios (procedementos de servizo e procedementos de escalado). Se valoran en maior medida aquelas ofertas que basean os procedementos propostos en algunha metodoloxía estándar de xestión que resulta axeitada para as tarefas contempladas para o servizo que se require.

Valoramos en maior medida as ofertas dos licitadores EDNON e IPM por ser as ofertas que mellor detallan os procedementos concretos, sendo estes idóneos e baseados nun estándar de metodoloxía de xestión de servizos axeitado ao requirido, para a xestión das incidencias e o seu escalado. Se valoran en menor medida as oferta dos licitador ASPA e OMEGA por non achegar un procedemento específico no referido ao escalado das incidencias. Valoramos en menor medida as ofertas dos licitadores ALTIA e OMEGA por ser as ofertas que menor concretan os procedementos achegados para a xestión das incidencias. Se valora en menor medida a oferta do licitador ASPA por non basear os procedementos achegados en ningunha metodoloxía de xestión estándar de servizos.

O resumo de puntos obtidos polos licitadores para este apartado é o reflexado na seguinte táboa:



CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
A idoneidade dos procedementos concretos propostos para a xestión das incidencias e demais peticións de servizo, a xestión do ciclo da vida destes elementos desde a comunicación, rexistro, notificación e seguimento ata o seu peche definitivo e aceptación por parte do usuario final	6,00	4,00	3,00	5,00	5,00	4,00
Os procedementos propostos para o correcto escalado das incidencias derivadas do servizo	6,00	4,00	2,00	5,00	5,00	2,00
TOTAL	12,00	8,00	5,00	10,00	10,00	6,00

3.3 Plan de implantación e posta en marcha do servizo (ata 8 puntos)

O licitador ALTIA detalla na súa oferta o conxunto de fases e tarefas asociadas que definen a planificación xeral para a implantación do servizo. O plan de implantación do licitador contempla as fases de planificación, despregue da infraestrutura, configuración e implantación, migración das copias existentes e peche de proxecto. O licitador achega un cronograma coas tarefas especificando as duracións estimadas e achega tamén unha relación concreta do equipo de traballo onde indica os perfíles, as xornadas de dedicación estimadas e as tarefas que terá cada perfil dentro de este plan.

O licitador ASPA detalla na súa oferta un plan de implantación baseado en fases onde se contemplan as fases de Asimilación, inicial e marcha corrente. Detallando os contidos ou tarefas que en cada unha se levarán a cabo. O licitador achega un cronograma básico no que se presentan a sucesión das fases sen entrar en detalles sobre as mesmas.

O licitador EDNON detalla na súa oferta o conxunto de fases e tarefas asociadas que forman parte do plan xeral de implantación do servizo. Este licitador achega un plan estruturado en fases para as que concreta as tarefas específicas e os



entregables asociados a cada fase. O licitador contempla as fases de lanzamento, análise e deseño, implementación e formación e peche. Este licitador achega un cronograma no que se presentan as fases, as tarefas asociadas e os tempos estimados para cada unha. O licitador achega tamén unha relación dos recursos que serán postos a disposición do servizo.

O licitador IPM detalla na súa oferta un plan de implantación no que se contemplan distintas fases nas que se agrupan as diferentes tarefas a levar a cabo, o licitador contempla as fases de planificación e deseño, instalación, comunicacións e posta en servizo, despregue de políticas de backup e axentes, migración e posta en marcha do servizo, documentación final y execución do servizo. O licitador achega un cronograma no que se detalla a relación de fases e tarefas asociadas cos tempos estimados para cada unha.

O licitador OMEGA achega na súa oferta un plan de implantación estruturado en fases onde se contempla a fase de análise e deseño, a fase de implantación e a fase de documentación e peche. Este licitador detalla para cada unha das fases o conxunto de tarefas asociadas a levar a cabo pero non achega o cronograma nin indica os tempos estimados para as distintas tarefas. O licitador achega na súa oferta unha descrición do equipo de traballo que será posto a disposición do servizo e as funcións de cada un dos perfiles propostos para o mesmo.

Valoramos en maior medida as ofertas achegadas polos licitadores ALTIA, EDNON e IPM por ser as ofertas que achegan un plan de implantación con cronograma e detalle de tarefas máis detallados e concretos tal como se require para esta valoración. Valoramos en menor medida as ofertas correspondentes aos licitadores ASPA e OMEGA por ser as que achegan os plan de implantación con menor detalle, non achegando os cronogramas de tarefas requiridos para este apartado de valoración.



O resumo de puntos obtidos polos licitadores para este apartado é o reflexado
na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Plan de implantación e posta en marcha do servizo	8,00	7,00	5,00	7,00	7,00	5,00



4 EXCLUSIÓN

Revisadas de forma pormenorizada as particularidades técnicas asociadas a cada unha das solucións ofertadas polos distintos licitadores se recomenda á mesa de contratación a exclusión do licitador ASPA por non chegar ao mínimo de puntuación exixida para este sobre.



5 RESUMEN DE PUNTUACIONES

Tras a aplicación das distintas puntuacións as empresas licitadoras, inclúese a continuación a táboa que reflicte o total obtido da suma dos apartados de valoración expostos o longo do presente documento.

CRITERIOS	Máximo	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Arquitectura da solución proposta	20,00	17,00	5,00	19,00	14,00	14,00
Modelo de xestión do servizo	12,00	8,00	5,00	10,00	10,00	6,00
Plan de implantación e posta en marcha do servizo	8,00	7,00	5,00	7,00	7,00	5,00
TOTAIS	40,00	32,00	15,00	36,00	31,00	25,00



6 CONCLUSIÓNS

Da análise realizada sobre a totalidade da documentación achegada polos licitadores nas súas ofertas orixinais, conclúese que os licitadores **ALTIA, ASPA, EDNON, IPM, OMEGA** obteñen as seguintes puntuacións respectivamente **32,00, 15,00, 36,00, 31,00, 25,00** chegando todos os licitadores, a excepción do licitador ASPA, a superar o mínimo esixido do 50% da puntuación segundo o Prego de Cláusulas Administrativas para poder optar ao SOBRE C.

Documento asinado de forma electrónica

